



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais *Rosalía de Castro* e as súas federacións veciñais

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas as competencias da Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, en particular o fomento do asociacionismo veciñal.

Dentro deste departamento, correspóndelle á Dirección Xeral de Administración Local as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local. En particular, compételle á DXAL o fomento do asociacionismo veciñal (artigo 20.2.f do Decreto 72/2013, do 25 de abril).

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar coa Confederación Galega de Asociacións Veciñais *Rosalía de Castro* e cinco das dúas federacións veciñais un convenio de colaboración para o financiamento da programación e o desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento das referidas entidades.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten interese en contribuír á mellora da calidade da vida local, no marco da súa liña de colaboración coa Administración Local, mediante o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia. Por tal motivo, atopa de interese impulsar o funcionamento da estrutura veciñal de Galicia, polo que supón de estímulo á realización de actividades que redundan na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que inflúe de xeito máis directo na vida das persoas.

A necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, nun contexto de marco orzamentario estable, aconsellan a aplicación dos fondos dispoñibles para o funcionamento do asociacionismo veciñal a través de COGAVE e cinco das federacións que a compoñen, por ser esta a organización que agrupa ao maior número de asociacións e federacións de asociacións de veciños de Galicia, e a única que desenvolve unha actividade regular, práctica e eficaz no mantemento do tecido asociativo no ámbito das catro provincias de Galicia; converxe así COS obxectivos da Vicepresidencia e Consellería de impulsar o funcionamento da estrutura veciñal, de estimular a realización de actividades neste ámbito e de propiciar o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia; en definitiva, traballar conxuntamente cara o obxectivo común de mellorar o benestar e a convivencia cotiá nos barrios e parroquias de toda Galicia.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2018.





4. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza, e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais *Rosalía de Castro* e cinco das dúas federacións veciñais, para o financiamento da programación e desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento das referidas entidades.

O obxectivo común é o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións e o impulso do funcionamento da estrutura veciñal de Galicia, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia, polo que supón de estímulo á realización de actividades que redundan na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que inflúe de xeito máis directo na vida das persoas.

5. Fundamentos do convenio

As actividades en cuxa realización se pretende colaborar resultan de interese para a Xunta de Galicia polo que supoñen de potenciación e apoio ao funcionamento da estrutura veciñal de Galicia, e asemade redundan na mellora da calidade de vida local que é o ámbito máis próximo á cidadanía.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias de COGAVE, a confederación veciñal de ámbito autonómico que mantén unha actividade e funcionamento regular ademais de ostentar unha maior representatividade, que veñen incidir nun contexto orzamentario necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto desta subvención representa para as federacións veciñais de Galicia, que precisan de apoio no mantemento dunha estrutura estable, por seren entidades necesarias na participación cidadá e, xa que logo, un dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, alcanzará un importe máximo de 64.500,00 € distribuídos do seguinte xeito:

Entidade	Importe da subvención
Confederación Galega de Asociacións Veciñais <i>Rosalía de Castro</i> (Cogave)	30.000,00
Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana	7.000,00
Federación de Asociacións Veciñais de Ferrol <i>Roi Xordo</i>	2.000,00
Federación de Asociacións de Veciños de Lugo Lucus Augusti	7.000,00
Federación de Asociacións de Veciños de Ourense <i>Limiar</i>	7.000,00
Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra <i>Castelao</i>	4.500,00
Federación de Asociacións Veciñais de Vigo <i>Eduardo Chao</i>	7.000,00
TOTAIS	64.500,00





A aplicación orzamentaria con cargo á que se financiará este convenio é a 05.23.141A.481.1 (CP 2015 00097 *Fomento do asociacionismo veciñal*) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Intervención Delegada.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

(Documento asinado dixitalmente na marxe)

